JOSE MANUEL PORTERO LOPEZ (1 para 1)
EDUCADOR FAMILIAR
Data de Sinatura: 01/06/2026
HASH: 282079bc207844519d574496d1397f7ab

ACTA DE PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO POSTO DE PSICÓLOG@-DIRECTOR/A DO CIM

Expediente nº: 794/2026

Asunto: BAREMACIÓN DE MÉRITOS.

No edificio dos Servizos Sociais do Concello do Grove, sendo as **10:50** horas do día 28 de maio de 2026, reúnese o Tribunal Cualificador designado mediante Decreto da Alcaldía nº 2026-0346, do proceso de selección do posto de psicólog@-director/a do CIM, asistindo as/os seguintes membros titulares:

Presidencia: José Manuel Portero López, psicólogo do Programa de educación familiar do Concello do Grove.

Secretaria: Ana M.ª Barreiro Barros, asesora xurídica do CIM do Concello do Grove.

Vogais: 1º vogal: María Rocío Carrera Pereiro Directora-Asesora Xurídica CIM Concello de Porriño.

2º vogal: Sonia Otero Fresco, orientadora laboral da Mancomunidade do Salnés.

3º vogal: Alba Martínez Oubiña, técnica de proxecto/orientadora laboral da Mancomunidade do Salnés.

Reunido o Tribunal, establece:

1. Criterios de actuación do Tribunal.

Polo Tribunal de selección, atendendo ao baremo establecido na base novena:

A) EXPERIENCIA:

Experiencia profesional: Máximo 5 puntos	Puntuación máxima
a) Por servizos prestados en postos de Psicólogo/a do CIM en calquera Administración pública: 0,30 puntos por mes de servizo.	5,00 Puntos
b) Por servizos prestados en postos de Psicólogo/a en calquera Administración pública: 0,25 puntos por mes de servizo.	
b) Por servizos prestados no sector privado en postos de Psicólogo/a: 0,20 puntos por mes de servizo.	

Cod. Validación: 7QRNGGGKMZZYG3Q6L3Y54SCLY
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

B) FORMACIÓN:

Cursos: Máximo 5 puntos	**Puntuación máxima**
De 100 horas de duración ou máis: 1 punto por curso	5,00 puntos
De entre 60 e 99 horas de duración: 0,70 puntos por curso	
De entre 30 e 59 horas de duración: 0,50 puntos por curso	
De entre 20 e 29 horas de duración: 0,30 puntos por curso	
De entre 10 e 19 horas de duración: 0,10 puntos por curso	

Fíxanse os seguintes criterios de baremación:

Establécese que, no caso da experiencia laboral, cando no cálculo do tempo traballado queden días soltos, que non computen un mes, redondearase o tempo a un mes máis.

A formación que exceda das 200 horas formativas en Igualdade de Oportunidades como requisito necesario para participar na convocatoria, baremarase como formación complementaria, no seu caso.

Puntuaranse os cursos de formación realizados en entidades privadas, cando estas estean autorizadas e recoñecidas de xeito oficial para a realización de actividades formativas. Igualmente teranse en conta tamén os cursos de formación impartidos por universidades privadas e Colexios Oficiais.

As formacións transversais valóranse cando comparten funcións propias do posto de traballo.

Non se puntúan os cursos cuxos títulos sexan excesivamente xenéricos e deles non poida desprenderse unha vinculación clara do contido dos mesmos co posto de traballo; especialmente se na documentación xustificativa do curso non se fai referencia aos módulos específicos impartidos.

2. Cualificacións provisionais.

Acto seguido, procédese á cualificación provisional dos méritos alegados polos aspirantes, segundo o baremo estipulado na base novena e criterios fixados polo Tribunal, co seguinte resultado:

	FORMACIÓN	**EXPERIENCIA**	**TOTAL**
GONZÁLEZ RODIÑO, MARTIÑA	4,50	5	9,50
TOIMIL BUJONES, LAURA	4,70	5	9,70
VIDAL NÚÑEZ, SARA	5	0	5

Finalizadas as anteriores deliberacións, polo Tribunal de selección adóptanse o seguintes ACORDOS:

Cod. Validación: 7QRNGGKMZZYG3Q6L3Y54SCLY
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

Primeiro.- Aprobar as cualificacións provisionais dos méritos alegados polas aspirantes.

Segundo.- Conceder ás aspirantes un prazo de **3 días hábiles** para a presentación de reclamacións ou alegacións respecto da valoración provisional dos méritos, desde a publicación desta acta.

Terceiro.- O Tribunal de selección dispón que pola secretaria se publique a acta cos acordos acadados na sede electrónica deste concello https://concellodogrove.sedelectronica.gal/info.0 e taboleiro de anuncios.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo presidente levántase a sesión, sendo as **11:55** horas, estendéndose posteriormente a presente acta, de todo o que, como secretaria do tribunal deixo constancia.

Documento asinado electronicamente.

Cod. Validación: 7QRNGGGKMZZYG3Q6L3Y54SCLY
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3